

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM01	Carpintaría e moble	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0542	Control de almacén	2022/2023	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGEL CAPELÁN FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Decreto 182/2011, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en carpintaría e moble.

Familia Profesional: Madeira, moble e cortiza

Referente europeo: CINE-3 (Clasificación Internacional Normalizada de la Educación).

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Recepción de materias primas, compoñentes e produtos terminados.
- Almacenamento e codificación de produtos.
- Preparación de pedidos segundo demanda.
- Expedición de produtos.

Este módulo profesional está asociado á competencia que contén a formación necesaria para desempeñar a función de control de almacén de subministracións, aplicado a:

- Detallar as características particulares de cada grupo de materiais que son habituais na industria da madeira e o moble
- Coñecer os sistemas de almacenaxe de cada grupo de materiais.
- Coñecer os contidos referentes a seguridade no traballo e aos sistemas antiincendios.
- maquinaria, ferramentas e sistemas de transporte utilizados na xestión de almacén e particularidades do transporte empregado, características dos vehículos e seguridade no traballo diario.
- Tarefas de organización de pedidos en empresa, metodoloxía, unidades e documentación e particularidades dos materiais.
- Xestión de residuos xerados
- Identificación de máquinas e equipamentos de control de almacén.
- Análise da documentación técnica utilizada ou xerada. Identificación de produtos almacenados.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), f), h), i), j), k), l), m), n), ñ) e o) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais a), f), h), i), j), k), l), m) e ñ).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Identificación de materias primas, compoñentes e produtos.
- Aplicación de programas informáticos de codificación para a recepción, o almacenamento e a expedición de materias primas, compoñentes e produtos de madeira e moble.
- Aplicación de técnicas e medios de almacenamento de materias primas, compoñentes e produtos segundo protocolos establecidos.
- Preparación e expedición de materias primas, compoñentes e produtos en condicións de seguridade e saúde laboral.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0
2	Recepción de materias primas.	Manipulación e manexo de materiais en recepción. Control de calidade visual na recepción de subministracións. Técnicas de recepción.	10	25
3	Almacenamento e transporte de mercancías	Sistemas de paletización de produtos. Valoración das existencias con diversos criterios (FIFO, LIFO, PMP, etc.). Amoreamento e colocación de materiais. Elementos de seguridade: persoais, e en máquinas e instalacións. Transpaletas: clases, manexo e mantemento. Carros manuais.	23	25
4	Preparación de pedidos y expedición de mercancías	Documentos de compravenda ou prestación de servizos utilizados na xestión do almacén (albará, folla de pedido, factura, etc.). Unidades de carga: características. Medios de carga. Inmobilización de cargas. Control dos produtos expedidos.	12	25
5	Prevención de riscos no almacén	Riscos físicos na recepción e manipulación de materiais. Sistemas de prevención e extinción de incendios no almacén de materiais e produtos. Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral no traslado de materias primas, compoñentes e accesorios. Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral na manipulación e na carga de produtos de acabado.	8	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Recepción de materias primas.	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Seguiranse as instrucións de control e inspección dos compoñentes e os accesorios recibidos.
CA1.2 Empregáronse sistemas informatizados para a xestión de existencias.
CA1.3 Controláronse os elementos recibidos con base nas especificacións técnicas, e separáronse os que non as cumbran.
CA1.4 Formalizouse o rexistro de control en función da inspección realizada.
CA1.5 Comprobouse que as materias primas recibidas se correspondan co pedido realizado e co albará de entrega.
CA1.6 Identificáronse os produtos de carpintería e moble mediante observación directa e co uso de equipamentos de medición.
CA1.7 Controláronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios que interveñen nas técnicas de produción xusto a tempo.
CA1.8 Recibíronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios respectando as normas de seguridade e saúde laboral.
CA1.9 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Manipulación e manexo de materiais en recepción.
Control de calidade visual na recepción de subministracións.
Técnicas de recepción.
Documentos de compravenda ou prestación de servizos utilizados na xestión do almacén (albará, folla de pedido, factura, etc.).
Medios de carga.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Almacenamento e transporte de mercancías	23

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.	NO
RA2 - Almacena materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica os criterios de clasificación, colocación e control para garantir a súa conservación.	SI
RA4 - Prepara pedidos de materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica as medidas de xestión propostas para mellorar as demandas cursadas.	NO
RA5 - Expide materias primas, compoñentes e produtos, e colócaos segundo o medio de carga e de transporte seleccionados.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Empregáronse sistemas informatizados para a xestión de existencias.
CA2.1 Identificáronse e almacenáronse os elementos inspeccionados de xeito ordenado e accesible.
CA2.2 Reflectíronse nos documentos de control de existencias os accesorios e os elementos recibidos, e comprobáronse as existencias.
CA2.3 Repuxéronse as existencias seguindo os circuitos de comunicación establecidos.
CA2.4 Controláronse as existencias de xeito que se sosteñan os niveis mínimos e máximos marcados, mantendo os niveis das subministracións.
CA2.5 Identificáronse os principais danos que poidan sufrir as materias primas, os compoñentes e os accesorios na súa manipulación e no seu almacenamento.
CA2.6 Manipuláronse e transportáronse os materiais e os produtos cumprindo as medidas de seguridade establecidas para a prevención de riscos laborais e da saúde.
CA2.7 Almacenáronse e clasificáronse os materiais e os produtos atendendo a criterios de seguridade (caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade, humidade, etc.).
CA2.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA4.2 Diferenciáronse os documentos utilizados na xestión do almacén.
CA5.6 Realizouse inventario de todos os materiais existentes no almacén

4.3.e) Contidos

Contidos
Clasificación de materiais e produtos segundo os destinos.
Sistemas de paletización de produtos
Valoración das existencias con diversos criterios (FIFO, LIFO, PMP, etc.).
Almacenamento e colocación de elementos segundo parámetros establecidos (frecuencia de uso, peso, volume, perigo, inflamabilidade, toxicidade, caducidade, destino, etc.).
Amoreamento e colocación de materiais.
Documentos de compravenda ou prestación de servizos utilizados na xestión do almacén (albará, folla de pedido, factura, etc.).



Contidos
Control dos produtos expedidos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Preparación de pedidos y expedición de mercancías	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.	NO
RA3 - Selecciona medios de transporte para o traslado de materias primas, compoñentes e produtos, para o que comproba as súas características e o seu funcionamento.	SI
RA4 - Prepara pedidos de materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica as medidas de xestión propostas para mellorar as demandas cursadas.	SI
RA5 - Expide materias primas, compoñentes e produtos, e colócaos segundo o medio de carga e de transporte seleccionados.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Empregáronse sistemas informatizados para a xestión de existencias.
CA1.6 Identificáronse os produtos de carpintería e moble mediante observación directa e co uso de equipamentos de medición.
CA3.1 Definiuse o transporte dos compoñentes e dos accesorios cos medios adecuados ás unidades de montaxe, segundo o documento indicativo de necesidades de material.
CA3.2 Definiuse o transporte dos materiais de maneira que se asegure a integridade destes.
CA3.3 Comprobase que os medios de transporte estean en condicións de uso.
CA3.4 Estableceuse a colocación das mercadorías que cumpra trasladar ao lugar de instalación, e facilitouse a súa identificación e a súa manipulación.
CA3.5 Demostrouse interese por aprender novas técnicas e novos medios.
CA3.6 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias.
CA3.7 Trasladáronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios, para o que se adoptaron medidas de prevención e saúde laboral.
CA3.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA4.1 Agrupáronse por lotes os materiais segundo o pedido cursado, de forma que se poida verificar a súa composición.
CA4.2 Diferenciáronse os documentos utilizados na xestión do almacén.
CA4.3 Dispuxéronse elementos de protección para preservar os pedidos de posibles deterioracións.
CA4.4 Preparáronse as unidades de carga atendendo a requisitos como peso, volume, facilidade de manexo, resistencia, estabilidade, etc.
CA4.5 Identificáronse os lotes con etiquetas, onde se consignou a información necesaria (número de pedido, cliente, data de carga, destino, número de paquetes, cantidade de pezas, etc.).
CA4.6 Preparáronse os pedidos atendendo a razóns de prioridade ou tempo cursado.
CA4.7 Preparáronse os pedidos, para o que se adoptaron medidas de prevención e saúde laboral.
CA4.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

Crterios de avaliación
CA5.1 Comprobase que as materias primas, os compoñentes e os produtos expedidos sexan os establecidos.
CA5.2 Comprobase a carga dos produtos en orde inversa ao da descarga, segundo os destinos.
CA5.3 Planificouse a carga dos produtos, e colocáronse e inmovilzáronse de xeito que non sufran deterioración.
CA5.4 Separáronse os tipos de residuos xerados, tanto na recepción como na preparación de pedidos.
CA5.5 Expedíronse e cargáronse os produtos cos medios adecuados segundo as unidades de carga, volume e peso.
CA5.6 Realizouse inventario de todos os materiais existentes no almacén
CA5.7 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias.
CA5.8 Cargáronse e colocáronse os produtos cumprindo as normas de seguridade, e evitáronse riscos innecesarios.
CA5.9 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Transpaletas: clases, manexo e mantemento.
Carros manuais.
Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral no traslado de materias primas, compoñentes e accesorios.
Técnicas de preparación de pedidos.
Documentos de compravenda ou prestación de servizos utilizados na xestión do almacén (albará, folia de pedido, factura, etc.).
Unidades de carga: características.
Medios de carga.
Inmovilización de cargas.
Control dos produtos expedidos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Prevenición de riscos no almacén	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.	NO
RA2 - Almacena materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica os criterios de clasificación, colocación e control para garantir a súa conservación.	NO
RA3 - Selecciona medios de transporte para o traslado de materias primas, compoñentes e produtos, para o que comproba as súas características e o seu funcionamento.	NO
RA4 - Prepara pedidos de materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica as medidas de xestión propostas para mellorar as demandas cursadas.	NO
RA5 - Expide materias primas, compoñentes e produtos, e colócaos segundo o medio de carga e de transporte seleccionados.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Recibíronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios respectando as normas de seguridade e saúde laboral.
CA2.5 Identifícaronse os principais danos que poidan sufrir as materias primas, os compoñentes e os accesorios na súa manipulación e no seu almacenamento.
CA2.6 Manipuláronse e transportáronse os materiais e os produtos cumprindo as medidas de seguridade establecidas para a prevención de riscos laborais e da saúde.
CA2.7 Almacenáronse e clasificáronse os materiais e os produtos atendendo a criterios de seguridade (caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade, humidade, etc.).
CA3.3 Comprobase que os medios de transporte estean en condicións de uso.
CA3.7 Trasládáronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios, para o que se adoptaron medidas de prevención e saúde laboral.
CA4.7 Preparáronse os pedidos, para o que se adoptaron medidas de prevención e saúde laboral.
CA5.4 Separáronse os tipos de residuos xerados, tanto na recepción como na preparación de pedidos.
CA5.8 Cargáronse e colocáronse os produtos cumprindo as normas de seguridade, e evitáronse riscos innecesarios.

4.5.e) Contidos

Contidos
Riscos físicos na recepción e manipulación de materiais.
Elementos de seguridade: persoais, e en máquinas e instalacións.
Sistemas de prevención e extinción de incendios no almacén de materiais e produtos.
Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral no traslado de materias primas, compoñentes e accesorios.
Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral na preparación de pedidos.
Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral na manipulación e na carga de produtos de acabado.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles

Este é un módulo profesional asociado a competencia que contén a formación necesaria para desenvolver a función de control de almacén, aplicado a: Detallar as características particulares de cada grupo de materiais que son habituais na industria da madeira e o moble. Sistemas de almacenaxe de cada un, e contidos referentes a seguridade no traballo e sistemas antiincendios.

Principais grupos de ferramentas e sistemas de transporte utilizados na xestión de almacén, visión global das particularidades do transporte empregado. Características dos vehículos e seguridade no traballo diario. Tarefas de organización de pedidos en empresa, metodoloxía e particularidades dos materiais. Lexislación laboral sobre: enfermidade profesional e accidente de traballo.

Recepcionáronse as materias primas: compoñentes e produtos de madeira e moble:

Seguíuse a instrución de control e inspección.

Empregouse un sistema informatizado para rexistro de incidencias.

Controlouse a carga recibida en base a especificación técnica, e a coincidencia en base ao pedido realizado e ao albarán de entrega.

Nomeouse o principal grupo de ferramentas e sistemas de transporte empregados en control de almacén.

Características dos vehículos e incidíuse na importancia da seguridade no traballo.

Organizáronse as tarefas de pedidos en empresa, metodoloxía e particularidades de almacenamento dos materiais e danos principais a sufrir polas mercadorías.

Empregouse sinalización vial, dentro da empresa para regular as vías de tránsito, e aplicouse sistema de control de incendios.

Lexislación laboral sobre: enfermidade profesional e accidente de traballo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

As probas escritas serán como mínimo de unha por trimestre e as datas serán fixadas por decisión maioritaria do alumnado, na época debida.

Poderán incluír preguntas de desenvolvemento dos conceptos, poderán constar de exercicios prácticos para aquelas probas na que a materia o permita e cuestións tipo test penalizando as respostas erróneas.

A teoría de cada trimestre poderase consultar través do aula Virtual do Cifp Politécnico, desenvolvida en varios temas.

Os alumnos terán que facer unha serie de tarefas, que terán que entregar en prazo para ser cualificadas.

Cada tarefa ou exame se cualificará de 1 a 10 puntos. Se hai decimais maiores de 5, porase, a nota enteira inmediata superior, (Se si a nota é de 5 ou superior), si é menor ou igual de 5 porase a nota enteira inmediata inferior. Por exemplo: si sae un 7,5 a nota da avaliación e de un 7 e si fose 7,6 a nota é un 8.

- Pregunta non contestada ou incompleta valerá 0 puntos

- Pregunta tipo test non contestada descontará unha porcentaxe de puntos que estará concretada no enunciado do exame correspondente.

- Pregunta contestada correctamente valerá o cociente de dividir 10 puntos polo nº de preguntas do exame (nota A). Si hai 15 preguntas, cada pregunta valerá $10:15=0,66$ puntos.

Se nunha mesma avaliación se realizan dúas ou máis probas, será necesario obter en todas elas un mínimo de 5 puntos para facer a media aritmética.

No caso de facerse prácticas e/ou exercicios individuais entregados durante o trimestre, poderán obterse unha nota B puntuable de 0 a 10 puntos

(se non se entrega a nota será 0)

A nota do trimestre será a media dos exames teóricos e as tarefas realizadas. Será preciso aprobar ambas dúas partes para aprobar a avaliación

A nota mínima para aprobar será de 5 puntos. As probas (tanto prácticas como teóricas) que se suspendan se recuperarán entre o 5 e o 7 de setembro.

Hai que aprobar as 3 avaliacións para ter aprobado o módulo.

NOTA DE CADA AVALIACIÓN.-

A nota de cada avaliación se obtén sumando a nota da proba teórica (50%) máis a nota das tarefas da avaliación (50%). Sempre que o alumno saque una nota mínima de 5 (5 puntos sobre 10) en cada unha das partes.

Os criterios actitudinais non se valoran.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non superen algunha das avaliacións do curso deberán recuperala nun exame (teórico-práctico escrito ou oral) que se celebrará do 5 ao 7 de setembro, despois de realizar a 3ª avaliación. (nas datas marcadas polo CIFP para recuperar as materias suspensas).

Este exame (teórico-práctico escrito ou oral) terá plantexamento e desenvolvemento similar ao ordinario da avaliación correspondente.

Ao remate do curso terá lugar unha proba final á que cada alumno irá coa parte da materia que teña suspensa, entendéndose que aqueles alumnos que teñan superados todos os parciais non precisarán presentarse a este exame.

Cando a parte non aprobada sexa a correspondente as tarefas das avaliacións, o profesor poderá propoñer a realización dun traballo equivalente para superar a parte pendente das tarefas do trimestre correspondente.

Os alumnos de segundo curso con este módulo pendente do curso pasado terán un prazo de recuperación do módulo dende Outubro a Marzo.

O profesor establecerá horas de titorías e plan de recuperación plantexando actividades de aprendizaxe e estudo individualizadas ou en equipo.

Os alumnos serán convocados a unha proba extraordinaria e para poder superala terán que acadar os obxectivos mínimos. A nota mínima é de un 5.

Non realizará a proba extraordinaria se chega fora da hora marcada para facela e se considerará suspenso.

Se comunicara con antelación o día, lugar e hora da proba nun comunicado na Aula Virtual, Abalar ou correo electrónico.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que, por acumulación de faltas de asistencia, perdan o dereito a avaliación continua realizarán un exame extraordinario despois da terceira avaliación.

A calificación deste exame será igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Non poderá facer o exame si chega fora da hora marcada.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo de 1º Ciclo Medio de Carpintaría, celebramos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilízase o modelo establecido polo sistema de xestión da calidade implantado no centro, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como

as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do porqué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O inicio do curso realizarase unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado do noso ciclo, que procede dunha variedade de estudos; nunha mesma clase atopamos alumnos que remataron unha FP Básica, a maioría veñen co título de graduado en ESO, e nalgúns caso teñen estudos de bacharelato ou incluso carreiras.

A proba da avaliación inicial, nos dará a coñecer os coñecementos que teñen sobre a materia a impartir.

Esta proba non contará como nota, pero si que nos valerá para establecer estadísticas e detectar posibles alumnos con deficiencias e carencias. Ademais acompañarase coa a información tanto académica como persoal do alumno, que podamos recabar co tutor do ciclo así como co equipo de orientación do centro.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acadase os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceráanse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos, resúmenes, esquemas ou fichas que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor. Tamén en aqueles casos que sexa pertinente poderá levarse a cabo unha flexibilización modular na duración das ensinanzas

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A enseñanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento. De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación ambiental e a educación intercultural) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia.

Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

Educación para a saúde.

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

Educación para a paz.

Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando críticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Educación do consumidor.

Intentaremos fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista.

Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

Educación ambiental.

Reflexionarase sobre problemas medioambientais, relacionados cos usos de materiais e produtos contaminantes e contemplando posibles solucións.

Educación vial.

Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóviles.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e as actividades extraescolares que se realizaran durante o curso serán as realizadas no salón de actos do centro: charlas no salón de actos realizadas por empresas do sector ser perxuízo de que se organicen visitas puntuais no caso de que xurda algunha ocasión de interés.

10. Outros apartados

10.1) Cuestionario de avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso facilitaráselle ao alumno un breve exame relacionado cos contidos xerais do módulo, par ter unha valoración do nivel do alumnado matriculado, e así saber de que punto partir na explicación dos contidos e adoitar as medidas preventivas necesarias.

Así como as normas do departamento e do centro con respecto das normas de uso das instalacións, así como as normas de comportamento, uso de locais, e medidas sanitarias.